

## BANDO INFORMATIVO

### COVID-19. GROMO EN VIANA DO BOLO O SERGAS confirma un gromo de COVID-19 con seis positivos

En relación as últimas novas relacionadas co COVID-19 en Viana do Bolo dende o Concello de Viana do Bolo expresamos:

Esta alcaldía recibiu información oficial do SERGAS Xunta de Galiza, responsábel do sistema sanitario galego, no día de hoxe, luns 17 de agosto, no que se expresaba o seguinte:

*Confírmase un gromo de seis persoas afectadas polo COVID-19. Estas persoas, de momento non necesitaron hospitalización, están todas no seu domicilio en corentena. Todos os afectados pertencen ao mesmo grupo familiar.*

Tamén se me comunicou que se están realizando probas diagnósticas a todas as persoas que estiveron en contacto seguindo os protocolos médicos que ten establecido a Consellería de Sanidade da Xunta de Galiza. Tamén se activou o protocolo de rastreo destes casos. Lembróuselles que deben permanecer en corentena e no caso de ter calquera sintomatoloxía ou dúbida deben pórse en contacto cos servizos sanitarios.

Neste complicado momento o primeiro é darlle moito ánimo as persoas infectadas así como desexarlles unha pronta recuperación e pornos a súa disposición para axudar no que precise a nivel persoal. Dita disposición para axudar xa foi posta no coñecemento das autoridades sanitarias da Xunta de Galicia. Dende o Concello tamén nos pomos a súa disposición para facilitarlles comida, menciñas, etc ou calquera cousa que necesiten para así pasar esta corentena.

Dende o concello animamos a todas as veciñas e veciños de Viana do Bolo a seguir cumprindo as normas, a manter e intensificar as medidas de protección persoal, usar a máscara, lavar as mans, manter a distancia de seguridade e demais normas de protección.

Protexéndonos nos tamén protexemos aos demais!

Quero transmitir tamén que dende o Concello estamos a disposición de toda a veciñanza para o que precisen. É o momento de traballar todos xuntos para vencer esta pandemia para voltar con mais enerxía e ganas de gozar, vivir e traballar na nosa querida Viana!

Moito ánimo!!

O que se fai público para o xeral coñecemento en Viana do Bolo a 17 de agosto do 2020.

O Alcalde. Secundino Fernández Fernández.  
Asinado dixitalmente á marxe.